



CCNN TEMA 2

Todos os obxectos que nos rodean son corpos e están feitos de materia. Cada materia diferente é unha substancia.

A materia ten dúas propiedades xerais: a masa e o volume.

A masa é a cantidade de materia dun obxecto e mídese en quilogramos.

O volume é o espazo que ocupa un obxecto e mídese en litros.

1 Completa coas palabras do recadro.

materia – substancias – obxectos



- Un vaso e un garfo son _____ e están formados por _____.
- As _____ que forman o vaso e o garfo son o vidro e o aceiro.

Di se son substancias ou obxectos:

- ouro •
- anel •
- bóla •
- vidro •
- limón •

A prata, o hidróxeno e o diamante, ¿son mesturas ou substancias puras?

Determina o método de separación de mesturas a que se refire cada unha das seguintes frases.

- _____. Utilízase para separar, por exemplo, alcohol e auga.
- _____. Emprégase para separar aceite e auga.
- _____. Obtense así o sal nas salinas.
- _____. Serve para separar dous sólidos con distinto tamaño.